

PROPOSICIÓN DE LEI DO PP: LEI DE GARANTÍAS SANITARIAS

Señorías
Señora Presidenta
Señor Santalices

Confésolle que durante estas semanas, entre a presentación da Proposición de Lei e o día de hoxe, pensei moitas veces

- en primeiro lugar, que *vostedes non chegarían nunca a presentar para o debate en Pleno esta proposta*
- e despois *qué lles podíamos dicir si o devandito debate se producía*

E créame, señor portavoz de Sanidade, que me custou tempo elixir as palabras para máis precisas para definir este *exercicio de funambulismo político* que vostedes fan ó traer a esta Cámara unha proposta para garantir uns tempos medios de espera ós galegos e ás galegas que non teñen - nin remotamente- *nada que ver có que vostedes fixeron, prometeron e comprometeron na súa gobernanza.*

Señorías, nin no prantexamento máis nidio de *realpolitik* no que poidan pensar, atoparían exemplo similar de ousadía. Pero, a falta do que os castizos chaman “*vergüenza torera*”, sempre podemos botar man daquel mestre desa arte que dicía “*hay gente pá tó*”...

Pois iso, que tamén hai “*políticos pá tó*”... capaces de tentar un brinco no ar ou de semellar un prestidixitador, botando aparellos de sete en sete ante a ollada chea de asombro dos que os miran:

- un día vamos a *Vigo a protestar polo retardo dun hospital que nós xa tiñamos previsto*.. coma todo, nun papel ou nunha desas presentacións máxicas nas que *reflectían unha realidade virtual* coa que algún pensou enganar ós galegos.
- Outro día tentamos *chamar á rebelión a unha parte dos traballadores e traballadoras da sanidade galega*... a ver si hai sorte e se mobilizan.. e de paso se esquecen de que non foron vostedes quén de regular as diferentes situacións laborais e que *nunca lles interesou abandonar a precariedade* na contratación do persoal, non foron quén de apostar con rigor e firmeza pola xoia da coroa, *polos profesionais que lle dan forza e calidade ó Sistema*
- Unha mañá claman vostedes *contra un suposto desmantelamento das urxencias extrahospitalarias*, coa irrefutable proba dun correo electrónico – de non se sabe quén- na que se da conta dunha sospeita baseada nun rumor.. Pero, en realidade, de qué lles vale a vostedes a verdade?... Coma diría Hearst, *por qué van deixar que a realidade lles estropei un bo titular?*
- E nesa senda de rigor e coherencia política, non é difícil atopar nos xornais, ou nesta Cámara, que
 - os que *agocharon* miles de persoas nas listas de espera

- os que daban os datos cada *seis meses* e gracias
- os pais de dereito e de feito dos “*plans de choque*”
- os que asumían as listas de espera coma inevitables, e mesmo as cualificaban de “*prestixiosas*” para o Sistema

Eses, cuxos Conselleiros evitaron unha e outra vez acudir a este Parlamento a explicar a evolución dos tempos de espera dos doentes.. eses, Señorías, traen hoxe aquí unha proposta que contén tódalas características da súa maneira de facer política:

- *falla de rigor* no prantexamento
- *incoherente* có que foi o seu goberno
- e *demagóxico*, porque o seu primeiro obxectivo é cumprir a máxima daquel que inspirara “Cidadá Kane”. O titular, vaia, sempre o titular...
 - *Falla de rigor* porque se propón unha Lei de Garantías que marca uns tempos máximos de espera para cada nivel asistencial sen máis. Calquera que se tivera asomado, siquera de lonxe á xestión sanitaria faría algunhas preguntas: sen ter en conta *os avances anuais do Sistema?*. Sen que a través dun desenrolo regulamentario anual *se axusten os tempos?*, unindo a lista estrutural coa non estrutural... *sen seguir o criterio do Decreto de maio de 2003 – Decreto Ana Pastor- que homoxeniza os datos de tódalas CCAA?*. E o que é máis grave.. *sen establecer prioridades clínicas nos tempos*, por exemplo, cirúrxicos?

- ***Incoherente có que foi o seu goberno*** Señorías, porque o partido que hoxe nos presenta esta Proposición de Lei gobernou Galicia. Xestionou a sanidade galega durante 16 anos e non atopou un instante, señoras e señores deputados, hasta un mes antes das eleccións que marcarían no 2005 o final deses longo periodo de goberno conservador, non atopou un momento, digo, para garantir ós cidadáns estes tempos de espera. E cando por fin se decidiron a o decreto, tivo que ser o goberno de EPT o que o puxera en marcha...

(Por certo, ó parecer no universo do PP as cousas funcionan así: si gobernan eles os tempos máximos “tolerables” para ***esperar unha ciruxía son 180 días – segundo o Decreto que eles aprobaron en maio do 2005-*** pero ***cando o PP fai oposición propón que este tempo máximo de espera sexa de 60 días!!!!!!!***. Non me estrana, señor Santalices, non me estrana... estou certa de que vostede, coma a maioría dos galegos e as galegas, tamén ***confían máis na capacidade de xestión dos socialistas que nas dos gobernos do PP..***)

- ***Demagórico***, porque, coma ven sendo habitual, no debate e na presentación o prestidixitador ***mistura no ar*** ceses e nombramentos, mentiras e medias verdades, supostos caos e nunca-chegadas-catástrofes para xustificar non só esta proposición de lei senón ***o continuo e incesante anuncio do apocalipse sanitario***.

Señorías, poderíamos, sencillamente, dende as bancadas socialistas, facer un recordatorio de onde estaba cada quen fai ben pouco:

- Lembrar aquela *pregunta en Pleno de Emilio Pérez Touriño, aló polo 2002*, pedindo unha reflexión ó entón Presidente da Xunta acerca dos tempos de espera dos doentes. Poderíamos recordar a resposta do señor Fraga... tan sui generis... “teño que dicir que en tódolos sistemas gratuitos, *a oferta incrementa a demanda*” “hai poucos días visitou Galicia un Premio Nobel inglés, o doutor Benn. A súa resposta foi publicada e nela decía que *as listas de espera para operacións non vitais no Reino Unido poden demorarse ate tres anos*”.
- Mentras o señor Fraga se consolaba cós problemas do Sistema sanitario británico, *o Goberno socialista de Castilla La Mancha preparaba a primeira Lei de Garantías* e o posterior Decreto que *anualmente* regula os tempos, as prioridades, a información..
- Poderíamos recordar aquí a situación dos *miles de persoas que non figuraban en ningures*, en ningunha lista viña recollida a súa espera. Máis de sete mil persoas sin contabilizar, sen coñecerse a súa existencia.
- Poderíamos, Señorías, recordar que as listas de espera eran: *inevitables, unha boa cousa e mesmo un prestixio* para a sanidade galega, segundo nos dicían os responsabeis políticos daquel tempo. Os que hoxe parece ser que lles preocupa a espera dos galegos e da galegas...

Poderíamos, asemade, facer un recordatorio completo das medidas e os resultados que se van acadando na mellora continua da asistencia sanitaria, dende que o goberno de EPT chegou á Xunta de Galicia.

- Poderíamos repetir unha vez máis que *se reduxo en casque dous meses os tempos medios de espera*, até os oitenta e catro días de decembro de 2007 poñendo en marcha as medidas anunciadas e levadas a cabo pola Conselleira de Sanidade e o seu equipo:
 - incremento sustancial do *orzamento* anual
 - incremento dos *equipamentos*: quirófanos, centros de saúde, ampliación de hospitais..
 - consolidación e incremento de *persoal*: urxencias, primaria, especialistas..
 - Plan de Mellora de *Atención Primaria*
 - *Historia clínica electrónica*: coordinación dos niveis asistenciais..
 - Poñendo en marcha as *consultas de alta resolución*

- Poderíamos repetir que *nin se fixeron ni se propuxeron Plans de choque estacionais*, que hai total *transparencia* nos datos e que os criterios das listas e da inclusión dos doentes nas mesmas e *idéntico ós do resto do Sistema Nacional de Saúde*, o posto en marcha dende o decreto da señora Pastor, o que homoxeinixa os datos con tódalas CCAA. (*os datos das listas, señor Santalices, xa se corresponden cós das primeiras consultas, nonn como en Madrid, onde a señora Aguirre os inclúe cando XA TEÑEN FEITO O PREOPERATORIO!!!!*)

- Mesmo poderíamos facer fincapé en que foi o Goberno do señor Touriño o que tivo que *por en marcha o Decreto de Garantías*, porque vostedes nunca en tantos anos, tiveron vontade de comprometerse cós usuarios. (*por certo, podería facerse unha importante reflexión acerca do uso que as persoas dan ó decreto; os datos non enganan: en só un 0.7% optan por usalo, de toda xente que podería facelo; a inmensa maioría prefiren esperar pero ser operados nun centro público que lles ofrece unha grande confianza*)

Pero Señorías, non nos enganemos. A proposición de lei, fala de algo máis que dos tempos de espera. Porque *ese algo máis é o outro grande obxectivo desta proposta*; cecais un obxectivo agochado, pero nesta ocasión, as árbores, deben deixarnos ver o bosque.

Vostede señor Santalices e o seu Grupo están preocupados, é certo, coma din no texto da PL. Pero esta preocupación non é polos tempos de espera senón polo *cambio sustancial do modelo sanitario*;

- un cambio baseado na *fortaleza do Sistema Público*,
- na consagración dun *modelo coordinado, de acto único* e non onde as diferentes consultas e asitencias non teñan conexión entre sí e fundado na defensa do dereito á saúde.
- Un cambio cara a *potenciar a participación, os dereitos e a transparencia*
- Un cambio que consolide un modelo sanitario *moderno, eficaz e público*

Esa é señor portavoz *a súa preocupación*. Ese é o temor do Partido Popular. Eso lles leva a percorrer o país anunciado a debacle.

Falaba ó inicio da miña intervención da *realpolitik*. Quizás ninguén con maior maestría que *Maquiavelo* afondou nos camiños do goberno pensado para a victoria, do goberno para o poder.. Profundo coñecedor da natureza humana, Maquiavelo decíalle ó seu Príncipe: *“os homes viven tranquilos si se lles mantén nas vellas formas de vida”*. Vostede vive a inqueda da daqueles homes, *a inqueda do cambio*, do cambio irreversible cara un modelo no que *a calidade e a eficiencia sexan as súas sinais de identidade*.

Porque vostede, señor Santalices, intenta no texto desta Lei reintroducir un modelo que tiña amosado o seu fracaso, un

modelo responsable dunha parte importante desas listas de espera ás que agora o Goberno está poñendo freo:

- un modelo de *actos illados*, sen conexión entre eles, *sen coordinación entre a Primaria e a Especializada*, na que cada facultativo tiña acceso só a unha pequena parte da historia médica da persoa
- un modelo que *consagrou o hospital coma elemento de centralidade*, que *rexeitou afondar na capacidade da Atención Primaria* para dar resposta a boa parte das necesidades da poboación, que non dotou ós Centros de Saúde do persoal e dos medios precisos para terse convertido na grande protagonista dun Sistema centrado na saúde, no dereito á mesma, na súa prevención
- un modelo que *abandonou a Saúde Pública*, que non primou a prevención coma ferramenta para desenrolo dunha sociedade *máis xusta, máis cohesionada e máis libre*
- un modelo, Señorías, *disperso, pouco coordinado* e cheo de “ocurrencias” coma posibles respostas ás crecentes demandas sociais
- un modelo no que *o Sistema Público tiña que compartir protagonismo coa atención privada*, no que a descapitalización do Sistema público e a aposta polos modelos de xestión semi privados trazaba un *futuro incerto* e inseguro que enchía de dúbidas e inquietanzas á cidadanía

Fronte ese modelo, o Goberno galego está a desenrolar un ***Sistema Público forte, protagonista, centrado no dereito á saúde, coordinado entre os diferentes niveis asistenciais e onde o Público é o eixe do Sistema.***

Maquiavelo, Señor Santalices, dicía “***o que non detecta os males cando nacen non é verdadeiramente prudente***”. Quizás lles faltou a prudencia de ver que un modelo coma o que se estaba creando ***non daba resposta*** ás necesidades dos galegos para protexer e promocionar a súa saúde..

Este é un Goberno prudente, señorías: ***coñece as debilidades*** do Sistema, ***coñece as necesidades*** do mesmo e tén posto en marcha unha morea de ***medidas económicas, organizativas, lexislativas e de xestión*** para mellorar en todos os aspectos da sanidade pública, tamén nos tempos de espera. Así se está a facer. O seu tempo pasou, tamén o desta Proposición de Lei.

Moitas grazas